

Uso de instalacións

A ABE conta cun **local** de preto de 300 metros cadrados do cal **se pode dispor para a realización de cursos, xornadas, actos ou xuntanzas.**

Sólo por ser socio **podes facer a reserva da aula ou sala que precisas sen custe** sempre que nela non desenvolves unha actividade profesional.

Na web da ABE , na [sección servizos](#) tes o detalle das aulas e o documento que debes cubrir cando queiras facer unha reserva.

Reunións con clientes ou provedores, unha formación para os teus empregados, unha presentación ou **calquera evento que se che ocorra, tes espazos diferentes que se adaptan a calquera necesidade incluído un salón de actos para 100 persoas.**



Guía informativa para **novos** socios

Contacto

Avda. Constitución 85 Entre. A

Tel _981 84 78 88

Whatsapp_602 484 123

info@abe.gal

www.abe.gal

Séguenos

facebook.com/asociacionboirensedeempresarios

[Instagram/empresariosboiro](https://instagram.com/empresariosboiro)

linkedin.com/in/empresariosboiro

[Youtube/boiroaberto](https://youtube.com/boiroaberto)



www.abe.gal

Puntos ABE

É o **sistema de fidelización por puntos** da ABE.

Os vosos clientes poden rexistrar os tickets e facturas das compras realizadas nos negocios asociados e subilas á web www.abe.gal

Cada ticket **acumula o 10%** do seu importe en puntos que se van sumando para conseguir agasallos do catálogo.

Son válidos os **tickets ou facturas de calquera negocio asociado**. As bases, o listado de socios e o catálogo están sempre actualizados na web da asociación.

Bonos ABE

Son unha caixa que contén vales de compra para utilizar exclusivamente nos negocios asociados.

Como se poden conseguir?

Hai dúas maneiras:

1. A ABE as utiliza como premio en moitas das campañas que fai durante o ano.
2. Calquera persoa pode mercala para regalar.

Como funcionan?

As caixas conteñen bonos de 5€ (vales de compra) que non teñen caducidade e que son válidos para calquera negocio asociado.

Poden usarse en diferentes negocios ou todos no mesmo.

A caixa contén un listado de todos os socios e o código QR para consultalo online.

Cando se mercan, os clientes poden elixir que cantidade queren, sempre en múltiplos de 5€

Que fago se un cliente me paga con Bonos?

O cliente fai a compra como se de diñeiro se tratara, ti recolles o vales e sólo tes que achegarte con eles ás oficinas da ABE onde chos abonamos.

Non se pode dar cambio en efectivo dos bonos, o cliente debe axustar a súa compra ou combinar bonos con efectivo.

Sorteos

Durante o ano realizamos campañas nas que **sorteamos miles de euros** en Bonos ABE.

Para participar os clientes deben rexistrar os tickets igual que cos puntos ABE; cando se fai o rexistro **cada ticket ou factura xera un número de participación** para o sorteo.

Días antes de cada campaña informamos vía circular.

Subvencións

Somos especialistas en subvencións, recibirás info detallada das axudas que van saíndo, **tamén podes informarnos das túas necesidades** para que che busquemos a subvención que mellor che encaixa.

A primeira solicitude de cada ano é gratuíta e a partir da segunda cóbrase o 5% do importe concedido, se o socio non recibe a axuda non ten que pagar nada.

Tickets parking

Para facilitar as compras dos teus clientes podes mercar **tickets do parking municipal cun 25% de desconto**.

Para elo so tes que acercarte á ABE e solicitar os que precises, están dispoñibles en lotes de 100 e **podes mercar de 1 hora ou de media**.

Tes liberdade para entregalos aos teus clientes como estimes oportuno sempre que non os cobres.

